



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Modificación da Ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar.

O Pleno municipal, en sesión ordinaria de data 24 de novembro de 2022, aprobou inicialmente a modificación da ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar.

Exposta esta modificación ao público durante trinta días, mediante publicación no BOP núm. 230, do 5 de decembro de 2022, non se presentou ningunha reclamación ou suxestión, polo que, de conformidade co establecido no art. 49 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, enténdese definitivamente aprobada.

A teor do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e artigo 196.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, publícase integramente a modificación do texto normativo, que entrará en vigor ao día seguinte ao da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985.

Por tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral, non procede recurso en vía administrativa, se ben poderá impugnarse directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta disposición no Boletín Oficial da Provincia, e deberá presentarse ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, isto de conformidade co previsto no artigo 10.1.b) da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Modificación da Ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar, consistente na modificación da Disposición Final Segunda durante o exercicio 2023, do seguinte teor literal:

Disposición Final Segunda:

1. Durante os exercicios 2020, 2021, 2022 e 2023 a cantidade máxima a percibir en 12 meses pola unidade familiar beneficiaria, prevista no artigo 4.1, dende a data de resolución da concesión das axudas comprendidas nesta ordenanza, non poderá superar na súa totalidade os seguintes importes:

NÚMERO DE MEMBROS	IMPORTE MÁXIMO DAS AXUDAS
1 MEMBRO	ATA 2 VECES O IPREM
2 OU 3 MEMBROS	ATA 3 VECES O IPREM
4 MEMBROS OU MÁIS	ATA 4 VECES O IPREM

2. En canto ao número de vales máximos que se poderán entregar ao ano por unidade familiar que figuran con un máximo de 6 conforme o artigo 6.1, se aumentan a 12 durante os exercicios 2020, 2021 2022 e 2023.

3. Durante os exercicios 2020, 2021, 2022 e 2023, non serán aplicables os límites ás contías de axuda económica destinada ao aboamento dos recibos de luz eléctrica, gas, auga, recibo de enganche de luz por corte (impago) e recibo de conexión de gas por corte (impago), que impidan os cortes de subministracións básicas da vivenda habitual, así como para o aluguer desta que impida os procedementos de desafuzamento por impago, cando existan garantías de continuidade da vivenda, previstos no artigo 7 da ordenanza.

4. A efectos de simplificación da tramitación durante o estado de nova normalidade así como eventuais retrocesos do mesmo ata fase 0, a documentación será solicitada unha soa vez a efectos de concesión da contía e en sucesivas solicitudes so os documentos imprescindibles para verificar que non se modificou a situación do solicitante.”

Cambre, 26 de xaneiro de 2023

A concelleira delegada da Área de Benestar Social

PD. (R.A. núm. 1323/2019, do 1 de xullo)

Lúa Sanguñedo Álvarez

2023/485